Bos Aires,30-8o-1957.

Belgrano 2605, 7.º R

Sr. Don Valentin Paz Andrade

Meu querido amigo:

Como na derradeira visita de despedida, apenas si tivemos tempo de falar de nada, e por isa razón que lle escribo esta carta, primeiro, pra lle agradecer de novo, e con xustificada emoción, a fermosa adicatoria que suscribiu n-este exempzar de maxixtral "PRANTO MATRICIAL"que tan outo valer representa para min, logo,para confirmarlle a grande simpatía que me inspirou o seu Alfonsiño (máis ainda despois de saber o bon galego que resulta) e por último, pra lle pedir un favor do que me esquencín na nosa "fugaz" entrevista. Desexo, que das I8.846.66 ptas que según nota de vostede, -data 26 de marzo derradeiro- figuran na miña conta do Banco, queira tomarse a molestia de lle enviar I.000 a Clemencia calle Valencia 23 Salamanca, outras I.000 a unha sobriña que teño, afillada benquerida do meu Daniel, que se chama Paz Gonzalez de Cot e vive en Barcelona Av. José Antonio 753-bis-4o-Ia, e as restantes (deixando dende logo un mínimo pra non pechar a conta) son,pra que mas remita a min según temos falado,en canto poida facelo. Coido,que despois de estas molestias que agora lle "impoño" pasará tempo sin necesidad de cansalo novamente. Gracias por todo, pregándolle noticias sobor do particular.

? Que tal anda Pilar co seu "cego" ?

Para os tres, unha fonda aperta da sua amiga

¿Fixeron un bon viaxe de regreso? Alegrareime moito. Virxinia